

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o seis de xullo de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:**

**21/454 CONTRATACIÓN DAS OBRAS A MAIORES DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO. FASE 2. (EXP. REF. 25-2016). RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO ACORDO NÚMERO 23/418 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XUÑO DE 2016.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 30 de xuño de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I. Acordo número 23/418 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS A MAIORES DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO. FASE 2. (EXP. REF. 25-2016)**, o proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto: e que na súa parte resolutiva terceira dispón:

**“TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de 108.722,13 euros con cargo á aplicación orzamentaria 24140.83900 (RC: 50466/16, CP: 12URDIP0000, CIC: 50467/16).”

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x280210454

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-7-2016

**Primeira.** No apartado resolutivo terceiro do Acordo número 23/418 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a CONTRATACIÓN DAS OBRAS A MAIORES DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO. FASE 2. (EXP. REF. 25-2016), o proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto; existe un erro de transcripción no código da aplicación orzamentaria. Do exame do expediente de contratación, do certificado de consignación orzamentaria e dos informe do Servizo de Intervención pode concluírse que o apartado terceiro da parte resolutiva do citado acordo debería redactarse do seguinte xeito:

**“TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de 108.722,13 euros con cargo á aplicación aplicación orzamentaria 24140.63900 (RC: 50466/16, CP: 12URDIP0000, CIC: 50467/16).”

**Segundo.** O artigo 105.2 da LXPAC establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. No suposto que nos ocupa debe corrixirse este erro na transcripción da proposta de adxudicación con carácter previo á continuación do expediente para evitar confusións que puideran dar lugar a inseguridade xurídica á hora de formalizar o contrato administrativo en relación co seu prezo.

**Terceiro.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, polo que debe ser o mesmo órgano o que proceda á rectificación do erro no seu acordo.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Alcaldesa Presidenta en funcións do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS), **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro de transcripción producido no acordo número 23/418 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a CONTRATACIÓN DAS OBRAS A MAIORES DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO

PARTIDO XUDICIAL DE LUGO. FASE 2. (EXP. REF. 25-2016) o proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto, que no apartado terceiro da súa parte resolutiva debe quedar redactado do seguinte xeito:

“**TERCEIRO.**- Aprobar o gasto de 108.722,13 euros con cargo á aplicación orzamentaria 24140.63900 (RC: 50466/16, CP: 12URDIP0000, CIC: 50467/16).(...)”

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, dona Ana Prieto Nieto, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**